

Guía didáctica do alumnado de bacharelato semipresencial

Ética e filosofía do dereito

Ensinanza	Bacharelato a distancia semipresencial
Tipo de documento	Guía do alumnado
Curso	2º
Materias	Optativa
Nome da materia	Ética e filosofía do dereito
Autor/a ou autores:	Brais González Arribas

Índice

1. Introducción.....	5
A materia: liñas xerais	5
Libro de texto	5
Distribución temporal das unidades.....	5
Metodoloxía de estudo	6
Apartados do traballo en cada unha das unidades	6
As titorías lectivas e de orientación	7
Lecturas recomendadas	7
2. Unidade 1	9
Criterios de avaliación	9
Suxestións para o estudo	9
Actividades de autoavaliación	9
Actividades de titoría	10
3. Unidade 2	10
Criterios de avaliación	10
Suxestións para o estudo	10
Actividades de autoavaliación	11
Actividades de titoría	11
4. Unidade 3	12
Criterios de avaliación	12
Suxestións para o estudo	12
Actividades de autoavaliación	12
Actividades de titoría	13
5. Unidade 4	13
Criterios de avaliación	13
Suxestións para o estudo	13
Actividades de autoavaliación	14
Actividades de titoría	14
6. Unidade 5	15
Criterios de avaliación	15
Suxestións para o estudo	15
Actividades de autoavaliación	15
Actividades de titoría	16
7. Unidade 6	17
Criterios de avaliación	17
Suxestións para o estudo	17
Actividades de autoavaliación	17
Actividades de titoría	18
8. Unidade 7	18
Criterios de avaliación	18
Suxestións para o estudo	18
Actividades de autoavaliación	19
Actividades de titoría	19
9. Unidade 8	20
Criterios de avaliación	20

	Suxestións para o estudo	20
	Actividades de autoavaliación	20
	Actividades de titoría	21
10.	Unidade 9	21
	Criterios de avaliación	21
	Suxestións para o estudo	21
	Actividades de autoavaliación	22
	Actividades de titoría	22
11.	Unidade 10	23
	Criterios de avaliación	23
	Suxestións para o estudo	23
	Actividades de autoavaliación	23
	Actividades de titoría	23
12.	Unidade 11	24
	Criterios de avaliación	24
	Suxestións para o estudo	24
	Actividades de autoavaliación	24
	Actividades de titoría	25
13.	Solucións ás actividades de autoavaliación.....	26
	13.1 Unidade 1	26
	13.2 Unidade 2	27
	13.3 Unidade 3	28
	13.4 Unidade 4	29
	13.5 Unidade 5	31
	13.6 Unidade 6	32
	13.7 Unidade 7	33
	13.8 Unidade 8	34
	13.9 Unidade 9	35
	13.10Unidade 10	37
	13.11Unidade 11	38

1. Introducción

A materia: liñas xerais

As sociedades contemporáneas son complexas. A diversidade cultural e ideolóxica que as conforma precisa dunha formación da súa cidadanía que lle permita afrontar os retos inherentes a tal pluralismo en continua transformación e adaptación. Por iso, o recoñecemento da soberanía e da autonomía moral das persoas, xuntamente coa aceptación do pluralismo ideolóxico e cultural presente no seo da sociedade, constitúen a base dun estado democrático.

Coa materia de Ética e filosofía do dereito preténdese, xa que logo, unha aclaración consciente e crítica dos principios éticos sobre os que se asenta a convivencia dentro dun Estado democrático de dereito así como o desenvolvemento de actitudes de respecto, tolerancia e solidariedade que permitan unha cooperación activa e responsable na construción dun contorno social xusto. Esta materia debe contribuír ao desenvolvemento da conciencia crítica do alumnado e da súa capacidade para elaborar racional e autonomamente principios e normas universais. Asemade, a presente materia pretende afianzar e desenvolver unha educación socializadora en valores, actitudes e normas, que se consideran vitais para conformar unha existencia común no marco dunha sociedade democrática sendo coherentes coa madurez psicolóxica e intelectual do alumnado de bacharelato.

Libro de texto

Autores: Pedro Pérez Vérez, Luís Otero Couso.

“Ética e filosofía do dereito”, Ed. Xerais, Vigo, 2008.

ISBN: 978-84-9782-743-0.

Distribución temporal das unidades

- 1º trimestre. Unidades:
 - 1. Da natureza á convención.
 - 2. Relativismo e moralidade.
 - 3. A racionalidade moral.
 - 4. Da heteronomía á autonomía moral.
- 2º trimestre. Unidades:
 - 5. Autonomía e intersubxectividade.
 - 6. As definicións do ben moral: a ética antiga e medieval.
 - 7. As definicións de ben moral: a ética moderna e contemporánea.
 - 8. Moral e dereito.
- 3º trimestre. Unidades:
 - 9. Dereito e democracia.
 - 10. Dereito e desobediencia.
 - 11. Do estado democrático á internalización dos dereitos humanos.

Metodoloxía de estudo

Debido ao carácter desta modalidade de bacharelato semipresencial, o estudo da materia por parte do alumnado debe ser convenientemente pautado, progresivo e autónomo. O alumno debe esforzarse en traballar dun xeito individual e independente. Para iso, propóñense as seguintes suxestións metodolóxicas:

1. Lectura atenta de cada apartado, para lograr unha comprensión xeral, aclarando as dúbidas que poidan ir xurdindo sobre o significado dos conceptos ou termos técnicos.
2. Lectura por segunda vez, que se utilizará para ir subliñando os contidos máis significativos.
3. Elaboración dun resumo coherente e estruturado a partir dos contidos subliñados.
4. Elaboración dun esquema ou mapa conceptual dos contidos, que deberá ser claro, preciso e sintético.
5. Realización dos exercicios sinalados no apartado “Actividades” da presente guía didáctica.
6. Estudo comprensivo e memorístico dos contidos máis significativos.
7. Realización das “actividades de autoavaliación” da presente guía didáctica.

Apartados do traballo en cada unha das unidades

Cada unha das unidades didácticas que compoñen esta guía está composta de catro apartados:

- Criterios de avaliación.
- Suxestións para o estudo.
- Actividades de autoavaliación.
- Actividades de titoría.

Os criterios de avaliación son os que responden a esta pregunta do alumno ou da alumna: *De que vou ser avaliado cando remate a unidade?* Estes criterios son indicadores sobre que aprendizaxes son os que debe conseguir ao finalizar a unidade didáctica. Polo tanto, fan referencia á consecución das metas propostas para a unidade, é dicir, aos seus obxectivos didácticos. É dicir, doutra maneira, estamos tratando de responder á pregunta do alumno: que debo saber e que debo saber facer cando remate a unidade?

A finalidade práctica deste apartado é que o alumnado saiba que cosas concretas debería saber e saber facer como froito do seu traballo na unidade: do seu estudo, da realización das actividades e da súa interacción co profesorado e co resto do alumnado nas titorías.

No apartado “Suxestións para o estudo” inclúese información de tipo metodolóxico que consideramos útil para o estudo de cada unidade: conceptos clave abordados nela, referencia a conceptos previos imprescindibles, aspectos metodolóxicos que se abordan por primeira vez nesta unidade, e sobre todo, aqueles aspectos nos cales se ten que incidir máis para alcanzar os obxectivos propostos.

As actividades de autoavaliación son actividades que o alumno debe realizar pola súa conta e das que se inclúen despois as solucións correspondentes. Deben permitir ao alumnado percorrer os contidos fundamentais da unidade e comprobar se, unha vez realizadas, cumpre os criterios de avaliación. Recoméndase realízalas ao remate do estudo de cada unha delas. Están integradas por actividades de definicións de conceptos técnicos e por actividades referentes a textos que aparecen no libro.

Finalmente, no tocante ás actividades de tutoría, hai que indicar que se trata de actividades pensadas para que o alumnado as realice pola súa conta e que serán comentadas e resoltas despois nas horas de tutorías correspondentes se o profesor o estima oportuno. Centraranse nos aspectos básicos da unidade, de xeito que, se o alumno non é quen de realizalas, teña despois o apoio do profesor para poder dar conta correctamente delas. Refírense a contidos básicos de aprendizaxe de cada unidade, obtidos basicamente da lectura e asimilación dos apartados do libro “Precisando conceptos”. Complétanse asemade con actividades recollidos dos textos que aparecen en diferentes apartados.

As tutorías lectivas e de orientación

Nas ensinanzas semipresenciais -e a distancia- a aprendizaxe débese entender como un proceso activo no que o alumno ou a alumna é o protagonista principal, orientado e guiado adecuadamente polo profesor tutor a través dos diferentes tipos de tutorías e a través da realización dunha secuencia de actividades que lle van axudar a constituír o seu propio coñecemento e adquirir os obxectivos e competencias programados. Polo tanto, a educación a distancia, neste caso semipresencial, débese entender como un proceso de “comunicación educativa”, que se pode romper se falla algún dos seguintes elementos:

- Tutorías.
- Alumno\a.
- Actividades.
- Comunicación educativa.

As tutorías son o momento no cal o profesor se pon en contacto co alumnado. Debido ao carácter semipresencial destas ensinanzas, divídense en dous tipos: tutorías lectivas e de orientación.

- As tutorías lectivas, de asistencia obrigatoria (agás en circunstancias acreditadas, previa petición do interesado\a). Supoñen unha hora semanal e van dirixidas a abordar os aspectos fundamentais de cada tema e a orientar o alumnado no estudo individual de cada unha das unidades.
- As tutorías de orientación están dirixidas a solucionar as dúbidas que se susciten no estudo dos contidos e actividades programadas, así como os problemas atopados no desenvolvemento do traballo autónomo do alumnado. As dúbidas que xurdan na realización do apartado “actividades” resolveranse nestas tutorías.

Lecturas recomendadas

- K.O. Apel, *Límites da ética discursiva*.
- J.L. Aranguren, *O bo talante*.
- Aristóteles, *Ética para Nicómaco*.
- A.J. Ayer, *Linguaxe, verdade e lóxica*.
- P. Bachrach, *Crítica da teoría elitista da democracia*.
- P. Berger e T. Luckmann, *A construción social da realidade*.
- N. Bilbeny, *Aproximación á ética*.
- V. Camps, *A xustiza*.
- A. Cortina, *Ética sen moral*.
- E. Díaz, *Socioloxía e filosofía do dereito*.
- E. Dolleans, *Historia do movemento obreiro*.
- E. Fernández, *Introdución á teoría do dereito*.

- E. Fernández, *O fundamento dos dereitos humanos*.
- M Foucault, *O uso dos praceres*.
- E. Fromm, *O medo á liberdade*.
- S. Freud, *O “eu” e o “iso”*.
- R. García Cotarelo, *Resistencia e desobediencia civil*.
- V.D. García Marzá, *Ética da xustiza*.
- A Giddens, *Socioloxía*.
- E. Guisán, *Introdución á ética*.
- J. Habermas, *Conciencia moral e acción comunicativa*.
- M. Harris, *Antropoloxía cultural*.
- T. Hobbes, *Leviatán*.
- M. Horkheimer, *Crítica da razón instrumental*.
- J. Hospers, *A conduta humana*.
- D. Hume, *Tratado da natureza humana*.
- I. Kant, *Crítica da razón práctica*.
- I. Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*.
- J. Muguerza, *A razón práctica*.
- F. Nietzsche, *O anticristo*.
- F. Nietzsche, *Xenealoxía da moral*.
- F. Nietzsche, *A ciencia leda*.
- C.S. Nino, *Dereito, moral e política*.
- P. Novell-Smith, *Ética*.
- J. Piaget, *O criterio moral no neno*.
- A. Pieper, *Ética e moral*.
- Platón, *Fedón*.
- Platón, *República*.
- J. Rawls, *Teoría da xustiza*.
- J.J. Rousseau, *O contrato social*.
- X. Rubert de Ventós, *Moral e nova cultura*.
- J. Rubio Carracedo, *O home e a ética*.
- J. Rubio Carracedo, *Ética construtiva e autonomía persoal*.
- B. Russell, *Fundamentos de filosofía*.
- J.P. Sartre, *O existencialismo é un humanismo*.
- F. Savater, *Ética como amor propio*.
- F. Savater, *Ética para Amador*.
- J.A. Schumpeter, *Capitalismo, socialismo e democracia*.
- P. Singer, *Democracia e desobediencia*.
- P. Singer, *Ética práctica*.
- J. Suart Mill, *O utilitarismo*.
- J. Thouless, *Pensamento dereito e pensamento retorcido*.
- E. Tugendhat, *Problemas da ética*.
- M. Weber, *A ética protestante e o espírito do capitalismo*.

2. Unidade 1

Criterios de avaliación

- Diferenciar os programas de conduta instintiva do comportamento aprendido culturalmente.
- Entender en que sentido falamos da liberdade propia do ser humano.
- Definir con precisión que é e que elementos ten a cultura humana.
- Explicar a importancia da socialización como mecanismo de humanización e que instancias a realizan.
- Explicar a razón de que o ser humano sexa estruturalmente un animal moral.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema as seguintes cuestións:

- As diferenzas específicas entre o modo básico de conduta animal respecto da humana.
- A necesidade de entender a natureza humana como algo que ten que ser completado necesariamente pola cultura.
- O exercicio de autoconstitución do que somos, implícito na noción de cultura.
- O feito de considerar todo o relativo ao ámbito normativo –ético e xurídico- como un modo de regulamentar e pautar a existencia social humana.
- O proceso de socialización como interiorización de pautas de comportamento e pensamento imprescindibles para entender o que un ser humano é. Atención ás axencias de socialización.
- A natureza humana é así moldeable, maleable, dinámica e en continuo proceso de constitución.

Actividades de autoavaliación

- 1 . Defina os seguintes conceptos e termos no marco do estudado:
 - Instinto.
 - Selección natural.
 - Indeterminación.
 - Cultura.
 - Institucionalizado.
 - Socialización.
 - Axencias de socialización.
- 2 . Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 15.
 - Cuestións 1, 2 e 3 da páxina 19.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 29.

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Intente explicar as diferenzas condutuais básicas entre o ser humano e o resto dos animais.
 - Explique a importancia de certa concepción da liberdade para a conformación da natureza humana.
 - Que trae consigo o feito da apertura e da liberdade humanas?
 - Por que dicimos que a cultura é a segunda natureza para o ser humano?
 - Por que as pautas morais interiorizadas son insuficientes para satisfacer plenamente as decisións dun individuo?
- Realice as cuestións relacionadas cos textos de:
 - Berger e Luckmann (páxina 15).
 - Berger e Luckmann (páxina 19).
 - De Lagarde, García e Aguas Vivas (páxinas 22-24).
 - Sartre (páxina 27).

3. Unidade 2

Criterios de avaliación

- Identificar as razóns polas que o relativismo cultural e o relativismo ético impulsan os valores de tolerancia e diversidade cultural.
- Explicar a necesidade da lexitimación como mecanismo de xustificación das normas morais.
- Recoñecer as variantes históricas do proceso de lexitimación no referente ao ámbito normativo.
- Diferenciar a perspectiva *emic* da perspectiva *etic*.
- Explicar o erro implícito en toda posición etnocéntrica.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- A aparición do termo *relativismo*, que nos leva a unha necesidade de fundamentación de todo aquilo que consideramos como validado acriticamente. Aplicación a todos os aspectos normativos da vida humana.
- Comprensión de que a existencia humana é dinámica e variable, polo que se torna imprescindible xustificar cales son os valores e normas morais que regulan a conduta na nosa sociedade.
- A diferenza ente os modelos de xustificación clásico, medievais, modernos, e con especial atención aos contemporáneos.
- Incidir en aquilo que se agocha tras as normas morais, entendendo o mecanismo da posible manipulación, ocultación e terxiversación de motivacións que poden estar ocultas en diferentes pautas de comportamento normalizadas.
- Potenciamiento da racionalidade argumentativa e crítica.

- Cuestionamento da noción de etnocentrismo no tocante sobre todo que poida estar implícito en discursos intolerantes e impositivos.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos e termos no marco do estudado:
 - Relativismo cultural.
 - Relativismo ético.
 - Tolerancia.
 - Lexitimación.
 - Naturalismo.
 - Lei natural.
 - Secularización.
 - Ideoloxía.
 - Etnocentrismo.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 40 (texto de Hospers).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 45 (texto de Berger).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 49.

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - En que plano sitúa o relativismo cultural a construción das normas coas que se rexe a conduta humana?
 - Que poñen de manifesto os estudos de Linton e Kluckhohn?
 - Explique brevemente as diferentes formas de lexitimación dos valores e normas morais ao longo da historia.
 - Que son os mecanismos de racionalización?
 - O ser humano exerce algún tipo de forza distorsionadora sobre a realidade?
 - Como se deben xulgar as culturas diferentes á nosa?
- Realice as cuestións relacionadas cos textos de:
 - Rubio Carracedo (páxina 40).
 - Todos os incluídos na páxina 42.
 - Critias (páxina 45).
 - Harris (páxina 47).
 - Nietzsche (páxina 50).
 - Giddens (páxina 54).

4. Unidade 3

Criterios de avaliación

- Definir a ética como saber.
- Distinguir a ética normativa, da ética crítica e da metaética.
- Determinar a diferenza entre enunciados de valor e enunciados de feito.
- Precisar en que consiste a racionalidade moral.
- Recoñecer os principais obxectivos dunha acción moral.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Coñecemento das características da ética como un saber diferenciado dos demais, e como parte da utilización da racionalidade como metodoloxía de argumentación da cal derivar proposicións válidas.
- Comprensión da necesidade de establecer diferenzas entre as proposicións que se refiren a feitos –empíricas- das proposicións que se refiren a valoracións sobre as accións, de tal xeito que estas últimas poidan prescribir comportamentos desexables dende unha óptica moral.
- A racionalidade moral enfrontada á racionalidade teórica dende a perspectiva kantiana, e as súas consecuencias para o pensamento moral.
- A racionalidade moral como expresión dun intento para levar a cabo determinado ideal que se torna como obxectivo último da acción: medios, fins, consecuencias.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos e termos no marco do estudado:
 - Ética.
 - Feitos.
 - Valores.
 - Metaética.
 - Falacia naturalista.
 - Emotivismo moral.
 - Prescrición.
 - Razón práctica.
 - Racionalidade instrumental.
 - Emancipación.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 65 (texto de Russell).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 69.
 - Cuestións 1, 2 e 3 da páxina 71.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 76 (texto de Muguerza).

Actividades de tutoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Que considera Sartre unha ética da situación?
 - Por que a ética é un saber orientado ao deber ser? Que quere dicir isto?
 - Que diferenzas hai entre unha ética normativa e unha ética crítica?
 - Que posición defende o positivismo lóxico?
 - Explique a relación existente entre o emotivismo moral e o relativismo.
 - Explique a relación entre razón teórica e razón práctica segundo Kant. Que consecuencias trae consigo tal distinción?
 - Explique o papel da racionalidade moral na procura de sentido das accións humanas.
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Novell-Smith (páxina 62).
 - Platón (páxina 68).
 - Hume (páxina 68).
 - Bilbeny (páxina 70).
 - Husserl (páxina 75).
 - Horkheimer (páxina 75).

5. Unidade 4

Criterios de avaliación

- Recoñecer a importancia da autonomía moral fronte á heteronomía moral.
- Explicar o mecanismo de conformación da conciencia moral, e como esta está mediada, en primeiro lugar, pola sociedade.
- Apreciar a importancia da psicanálise e do condutismo como teorías explicativas da orixe da conciencia moral.
- Describir a teoría de J. Piaget sobre o desenvolvemento moral do ser humano observando a influencia exercida sobre a teoría de L. Kohlberg.
- Comprender a relación entre desenvolvemento da racionalidade e da moralidade.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Importancia do recoñecemento de desenvolver unha posición crítica e reflexiva respecto de calquera tipo de problema humano, especialmente no relativo á conduta moral do individuo no marco da sociedade na que vive.
- Necesidade de entender como aquilo que somos, e en concreto aquilo mediante o cal reflexionamos, actuamos e valoramos as nosas condutas morais, está decisivamente influenciado polo contexto social no que desenvolvemos a nosa existencia.
- Graos de desenvolvemento da teoría piagetiana, os seus presupostos e as súas consecuencias.

- Graos de desenvolvemento da teoría de Kohlberg, os seus presupostos e as súas consecuencias.
- Comprensión dos dous trazos que caracterizan o racionalismo moral: o universalismo e o formalismo, como motivo para entender as relacións entre racionalidade e moralidade.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no marco do estudado:
 - Autonomía.
 - Heteronomía.
 - Mecanismo de defensa.
 - Reforzo.
 - Condutismo.
 - Empatía.
 - Reversibilidade.
 - Pensamento lóxico concreto.
 - Universalismo.
 - Formalismo.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 85 (texto de Foucault).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 88.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 89 (texto de Freud).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 101.

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Que marxe de decisión lle queda ao humano tras a influencia dos mecanismos de interiorización de normas e valores sociais produto do proceso de socialización?
 - Cal é o trazo fundamental da moralidade dun individuo?
 - Explique brevemente a conformación da conciencia moral tendo en conta as posicións psicanalíticas e condutuais.
 - Que queren expresar a psicanálise e o condutismo ao soste que a dimensión persoal da moralidade queda eliminada pola presión social?
 - Faga un esquema da posición de J. Piaget sobre a evolución e conformación da personalidade moral.
 - Faga un esquema da posición de L. Kohlberg sobre a evolución e conformación da personalidade moral.
 - Por que o desenvolvemento do razoamento moral non é máis que unha condición necesaria pero non suficiente para o desenvolvemento da conduta moral?
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Stendhal (páxina 82).
 - Foucault (páxina 85).
 - Platón (páxina 87).

- Freud (páxina 89).
- Habermas (páxina 98).
- Aranguren (páxina 102).

6. Unidade 5

Criterios de avaliación

- Explicar que factores inflúen na conformación do noso pensamento e como estes poden cambiar o que se considera verdade ou realidade.
- Recoñecer a decisiva influencia da linguaxe como mecanismo mediador para a captación, comprensión e expresión da realidade humana.
- Apreciar como se constitúe a racionalidade moral a través dunha racionalidade dialóxica.
- Observar as semellanzas entre a constitución da racionalidade moral e da científica.
- Identificar as condicións formais mínimas, segundo a proposta de J. Habermas, para que sexa posible a argumentación moral.
- Explicar por que unha concepción procedemental para o razoamento moral elimina moitos dos trazos distorsionadores doutras concepcións.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Comprensión de como toda acción e reflexión humana é susceptible de ser manipulada e distorsionada por diversos intereses; perigo da ideoloxía-racionalización.
- Importancia da linguaxe, regras: sintácticas, pragmáticas, semánticas. Como este ordenamento propio da linguaxe configura á vez o mundo humano.
- Necesidade do diálogo intersubxectivo; as condicións formais, as súas consecuencias.
- O procedementalismo, o marco básico dunha ética mínima, definición e a súa relación cunha ética máxima.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no marco do estudado:
 - Racionalización.
 - Ideoloxía.
 - Sintáctica.
 - Semántica.
 - Pragmática.
 - Procedemento.
 - Ética mínima.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 110 (texto de Camps).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 115 (texto de Habermas).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 118 (Texto de Habermas).

- Cuestións 1 e 2 da páxina 121 (texto de Apel).

Actividades de tutoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Como podemos caracterizar a racionalidade moral? Por que dicimos que é insuficiente?
 - Que elementos poden distorsionar a racionalidade moral? Cando aparecen?
 - Como podemos superar os riscos de distorsión que afectan a racionalidade moral?
 - Pódese ser obxectivo moralmente falando dun xeito estritamente individual?
 - Por que é tan importante atopar as verdadeiras motivacións e intereses que están por baixo das nosas condutas?
 - Por que é relevante facer un esforzo crítico respecto a aquilo que pensamos e facemos?
 - Como funciona a razón segundo os autores dialécticos? Como funcionan as éticas discursivas? Que presupostos supoñen? Existe coincidencia entre a construción da linguaxe e a construción da realidade dende tal perspectiva?
 - Cales son os postulados básicos dunha “situación ideal de fala”?
 - Que significa recoñecer os outros como interlocutores irreducibles a calquera instrumentalización?
 - En que se concreta unha *ética mínima*? E unha *ética máxima*?
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Thouless (páxina 108).
 - Toulmin (páxina 115).
 - Rubio Carracedo (páxina 118).
 - Cortina (páxina 121).
 - Camps (páxina 122).

7. Unidade 6

Criterios de avaliación

- Distinguir os criterios polos que se teñen clasificado as teorías éticas.
- Identificar que é unha ética material, formal, teleolóxica, deontolóxica.
- Recoñecer os postulados principais das éticas clásicas gregas.
- Identificar os postulados principais das éticas medievais.
- Recoñecer a importancia do coñecemento do que consideran ben ou felicidade as diversas éticas para apreciar adecuadamente as súas propostas.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Recoñecemento da importancia de tipificar as diversas éticas en categorías, entendendo os criterios que se establecen para a súa efectiva clasificación.
- Dominio dos conceptos técnicos: por exemplo éticas cognitivistas, non cognitivistas; material, formal...
- Presupostos ético-filosóficos e contextos históricos onde xorden e se elaboran; comprensión da situación contextual para poder apreciar en toda a súa dimensión as propostas éticas.
- As semellanzas e variacións nas éticas clásicas gregas.
- O teoloxismo ético das éticas cristiáns.
- As coincidencias nas diversas éticas premodernas.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no marco do estudado:
 - Non cognitivista.
 - Cognitivista.
 - Ética material.
 - Ética formal.
 - Ética teleolóxica.
 - Ética deontolóxica.
 - Imperturbabilidade.
 - Lei eterna.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 130 (texto Tugendhat).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 133 (texto Aristóteles).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 138.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 140 (texto de Tugendhat).

Actividades de tutoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - En que posición se sitúa o libro de texto respecto da polémica éticas cognitivistas-non cognitivistas? Por que?
 - Que tipo de éticas son as procedementais?
 - En base a que polémica se sustenta a existencia da contraposición éticas materiais-formais?
 - Para as éticas materiais, existe unha finalidade na vida humana? En que consiste?
 - Cales son os planos do ser humano nos que se sustenta unha concepción ética naturalista?
 - Resuma a posición ética dos sofistas.
 - Resuma a posición ética epicúrea.
 - Resuma a posición ética tomista.
 - Explique que significa o imperativo ético “buscar o que debo querer verdadeiramente para min”.
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Cortina (páxina 130).
 - Epicuro (páxina 133).
 - Dióxenes Laercio (páxina 134).
 - Borges (páxina 136).
 - Tomé de Aquino (páxina 138).

8. Unidade 7

Criterios de avaliación

- Recoñecer a relación entre contexto histórico e teorías éticas na modernidade.
- Apreciar as achegas da proposta kantiana e utilitarista respecto da moralidade.
- Recoñecer os principais trazos da ética –crítica- nietzscheana e a súa influencia no existencialismo.
- Diferenciar as teorías éticas de Rawls e Habermas, tendo en conta os seus nexos e trazos comúns.
- Identificar diversas propostas éticas na actualidade derivadas da tradición clásica.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Coñecemento das principais características que definen a Idade Moderna, sendo conscientes da súa relevancia para entender as teorías éticas que se desenvolven nela.
- A teoría ética kantiana, principal e punto de referencia das éticas formais. O imperativo categórico e o deber.
- O teleoloxismo utilitarista. Criterios para maximizar a felicidade, común e individual.

- A proposta crítica nietzscheana. Nietzsche como desenmascarador do que agocha a razón occidental. A moral dos señores.
- A liberdade no enfoque existencialista; o humano creador da súa existencia.
- Os enfoques neocontractualistas e neokantianos. O criterio de decisión rawlsiano: estrutura e racionalidade. A argumentación dialóxica e intersubxectiva habermasiana.
- Derivas da tradición, o deontoloxismo e o teleoloxismo na contemporaneidade. Complementación mellor que mutua exclusión.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no marco do estudado:
 - Imperativo moral.
 - Imperativo categórico.
 - Hedonismo.
 - Xustiza.
 - Utilitarismo.
 - Existencialismo.
 - Esencia.
 - Neocontractualismo.
 - Veo de ignorancia.
 - Éticas formais.
- Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 148 (texto de Kant).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 154.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 158.

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Por que supón un cambio radical na historia da ética a teoría de Kant?
 - Que é unha norma puramente procedemental? Poña exemplos de imperativos categóricos.
 - Que é a “utilidade” segundo Bentham e Mill? É a ética utilitarista material? Por que?
 - Explique brevemente a crítica de Nietzsche á moral occidental. Por que se considera a posición nietzscheana como vitalista?
 - Que implica a distinción esencia-existencia no existencialismo?
 - Realice unha análise da proposta rawlsiana. Argumente a súa validez ou invalidez.
 - Que é unha ética discursiva ou dialóxica? En que se parece á kantiana?
 - Sinala as principais diferenzas entre teorías éticas deontolóxicas e teleolóxicas. Caracterice o utilitarismo do “acto” e o da “norma”.
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Locke-Hobbes-Rousseau (páxina 147).
 - V. Hugo (páxina 149).
 - Nietzsche (páxina 151).

- Nietzsche (páxina 154).
- Hesse (páxina 155).
- Swift (páxina 159).

9. Unidade 8

Criterios de avaliación

- Apreciar as relacións existentes entre a moral e o dereito.
- Describir por que a racionalidade moral se debe completar coa noción de dereito.
- Explicar que é o dereito e cal é a función social que cumpre.
- Explicar a importancia dunha adecuada lexitimación do dereito.
- Distinguir as diversas etapas de lexitimación que se deron na historia do dereito.
- Apreciar a diferenza entre naturalismo e positivismo dende unha perspectiva xurídica.
- Dar conta das relacións entre dereito e xustiza.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Debilidade emocional e cognitiva da noción de moral: necesidade de afianzar as normas morais co dereito xurídico.
- Distinción clara e explícita entre normas morais e normas xurídicas.
- A lexitimación xurídica, historia dos fundamentos xurídicos dende as nocións de iusnaturalismo e positivismo xurídico.
- O dereito na actualidade: a validez formal e a lexitimación ética. Distinción entre normas primarias e secundarias: volta á ética.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no marco do estudado:
 - Debilidade cognitiva.
 - Debilidade motivacional.
 - Validez xurídica.
 - Dereito natural.
 - Iusnaturalismo.
 - Iuspositivismo.
 - Constitución.
 - Lexitimidade.
 - Normas primarias.
 - Normas secundarias.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 169.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 176 (texto de Díaz).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 179 (texto de Nino).

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Cales son os motivos polos que non se pode regular a convivencia nunha sociedade só coas normas morais? Está de acordo? Por que?
 - Que define o dereito? En que se diferencian as normas morais das xurídicas?
 - Resuma brevemente a idea de lexitimación xurídica segundo o iusnaturalismo.
 - Resuma brevemente a idea de lexitimación xurídica segundo o iuspositivismo.
 - Faga unha crítica argumentada das propostas lexitimadores realizadas tanto polo iusnaturalismo como polo iuspositivismo.
 - Explique o proceso polo que concluímos que a lexitimidade positivista do dereito necesita de certa intuición do moral.
 - Intente explicar as relacións entre dereito e xustiza.
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Weber (páxina 170).
 - Santayana (páxina 172).
 - Santo Agostiño (páxina 177).
 - Fernández (páxina 179).

10. Unidade 9

Criterios de avaliación

- Describir que é un estado de dereito e as súas características fundamentais.
- Apreciar a necesidade da separación de poderes para constituír un estado democrático.
- Recoñecer as características que fan da democracia o réxime político máis desexable.
- Dar conta de en que consiste a democracia e en que principios se fundamenta.
- Diferenciar as diversas concepcións da democracia ao longo da historia.

Suxestións para o estudo

Destacan no tema os seguintes aspectos:

- Fundamentos dun estado de dereito: o imperio da lei. A división e separación de poderes.
- O estado democrático de dereito; relación constitución de leis e democracia.
- O recoñecemento da democracia como un sistema político baseado nun fundamento de carácter moral.
- As principais características da democracia.
- O contraste entre democracia ideal e democracia real. A concepción elitista e participativa da democracia.
- A interdependencia entre vida moral e democracia.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no contexto do estudado.
 - Antigo réxime.
 - Cidadán.
 - Estado democrático de dereito.
 - Isonomía.
 - Isegoría.
 - Democracia.
 - Elitismo.
 - Democracia participativa.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 187.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 190 (texto de Cortina).
 - Cuestións 1, 2 e 3 da páxina 193 (texto de Singer).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 199.

Actividades de tutoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Por que falamos do estado de dereito como o “imperio da lei”?
 - En que consiste a división e separación dos poderes? É relevante para un estado de dereito? Por que?
 - Como se consegue a lexitimidade nun Estado democrático de dereito?
 - Ten a democracia un fundamento moral? Cal?
 - O individuo ten capacidade autolexisladora na democracia? Como?
 - Que diferenzas existen entre unha comunidade ideal de diálogo e unha comunidade real? Que supón tales diferenzas para a democracia?
 - Por que é tan importante a equidade nun sistema político democrático?
 - Explique a posición democrática elitista.
 - Explique a posición democrática participativa. Que erros contén? Pódese efectivamente levar a cabo?
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Díaz (páxina 188).
 - García Marzá (páxina 190).
 - Cortina (páxina 192).
 - Platón (páxina 196).
 - Cortina (páxina 200).
- Realicen o debate proposto na páxina 191.

11. Unidade 10

Criterios de avaliación

- Recoñecer a importancia da lexitimación para a aceptación e cumprimento das normas xurídicas.
- Diferenciar normas lexítimas das ilexítimas.
- Explicar cando e en que circunstancias é lícito a desobediencia civil ao dereito.
- Describir que é a obxección de conciencia e cando pode aplicarse.
- Apreciar as diferenzas entre a ética de convicción e a ética da responsabilidade.

Suxestións para o estudo

- O problema da obrigatoriedade moral das normas xurídicas.
- Cando e en que casos é permisible a desobediencia xurídica?
- A desobediencia civil e os dereitos humanos. A desobediencia como publicidade e a desobediencia como chamada á reconsideración.
- A desobediencia civil e a democracia.
- Características das éticas da convicción e da responsabilidade.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no contexto do estudado.
 - Obrigatoriedade moral.
 - Desobediencia civil.
 - Regra das maiorías.
 - Obxección de conciencia.
 - Ética da convicción.
 - Ética da responsabilidade.
- 2. Realice as seguintes actividades.
 - - Cuestións 1 e 2 da páxina 208.
 - - Cuestións 1 e 2 da páxina 209.
 - - Cuestións 1 e 2 da páxina 213.
 - - Cuestións 1 e 2 da páxina 216 (texto de Muguerza).

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Cal é o problema da obrigatoriedade moral? Como se poden lexitimar as normas xurídicas?
 - Cando existen razóns morais para a desobediencia civil?
 - Por que os sistemas autoritarios non están lexitimados?
 - En que consiste a regra das maiorías? Que problemas oculta?

- Explique brevemente cal é a argumentación sobre a que se sostén a desobediencia civil como publicidade.
- Explique brevemente cal é argumentación sobre a que se sostén a desobediencia civil como alegación.
- Explique brevemente cal é a argumentación sobre a que se sostén a desobediencia civil como obxección de conciencia.
- Que relación se dá entre ética da convicción e ética da responsabilidade?
- En que consiste o imperativo da disidencia?
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Schumpeter (páxina 210).
 - Weber (páxina 216).
- Realice as cuestións que aparecen no apartado “suscitando problemas” da páxina 214.

12. Unidade 11

Criterios de avaliación

- Definir que é o dereito e que características o definen.
- Dar conta da noción de dereito humano e do seu carácter universal.
- Enumerar cales son os diferentes dereitos humanos.
- Describir o proceso polo cal se constitucionalizaron os dereitos humanos.
- Recoñecer a relación entre internalización dos dereitos humanos e o contexto histórico contemporáneo.
- Identificar os diversos problemas que afectan aos dereitos humanos hoxe en día.

Suxestións para o estudo

- Recoñecemento do que son os dereitos humanos en relación co resto das normas xurídicas.
- Relación entre dereito humano e dignidade e autonomía de todas as persoas, sen distinción nin diferenza ningunha.
- A historia dos dereitos humanos. Dificultades para o seu recoñecemento xurídico.
- As diversas etapas do proceso de positivización dos dereitos humanos.
- As diversas actas de recoñecemento dos dereitos humanos.
- Os diferentes tipos de dereitos humanos e os procesos para o seu recoñecemento.
- Os problemas de respecto aos dereitos humanos. Posibilidades de acción.

Actividades de autoavaliación

- 1. Defina os seguintes conceptos no contexto do estudado.
 - Dereito.
 - Dereito humano.
 - Dignidade.
 - Autonomía.

- Dereitos humanos de primeira xeración.
- Dereitos humanos de segunda xeración.
- Dereitos humanos de terceira xeración.
- 2. Realice as seguintes actividades:
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 224.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 242.
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 243 (texto de Russell).
 - Cuestións 1 e 2 da páxina 243 (texto de Savater).

Actividades de titoría

- A partir da lectura dos apartados “Precisando conceptos” da unidade, responda ás seguintes cuestións:
 - Que diferenza hai entre dereito obxectivo e dereito subxectivo?
 - En que afecta a anterior diferenza á problemática do respecto dos dereitos humanos?
 - Que recoñecen os dereitos humanos? En que se fundamentan?
 - Cando xorde o esforzo por darlle sentido xurídico aos dereitos humanos? Por que?
 - Explique brevemente as fases do proceso de recoñecemento xurídico dos dereitos humanos.
 - Cales son as principais cartas de dereitos humanos do século XX? Que defenden fundamentalmente?
 - Como se lle pode dar forza xurídica internacional aos dereitos humanos?
 - Reflexione: respéctanse os dereitos humanos no mundo? En que situacións?
- Realice as cuestións relativas aos textos de:
 - Amnistía Internacional (páxina 222).
 - Dolleans- Edición Sociais- Gammage- Oficina do censo dos USA (páxina 226).
 - As diferentes declaracións dos dereitos humanos (páxinas 228, 229, 230, 231 e 232).
 - Hitler- Proceso de Nüremberg- Soljennitsin (páxinas 233 e 234).

13. Solucións ás actividades de autoavaliación

13.1 Unidade 1

▪ Definicións:

- Instinto: conduta innata e específica de especie transmitida xeneticamente e apenas modificable pola experiencia e pola aprendizaxe individual posterior.
- Selección natural: mecanismo central dos procesos evolutivos biolóxicos mediante o cal as condicións do medio eliminan as variantes biolóxicas menos aptas e propician a permanencia das mellor adaptadas.
- Indeterminación: capacidade propia do ser humano pola cal os instintos non teñen unha influencia decisiva na súa conduta, estando capacitada para construír e inventar a súa propia existencia.
- Cultura: refírese a ese todo complexo que abarca coñecementos, crenzas, arte, moral, dereitos, costumes e calquera outras capacidades e hábitos adquiridos polo ser humano en tanto membro dunha sociedade.
- Institucionalizado: todo aquilo que está afectado polo proceso de institucionalización –proceso polo cal se fixan patróns de conduta culturais, con certo carácter normativo, de acordo a un complexo proceso que se sintetiza en tres pasos: externalización, tipificación e adquisición de universos simbólicos.
- Socialización: proceso polo que o ser humano adquire as pautas de pensamento e conduta (cultura) propias da sociedade na que desenvolve a súa existencia, adquirindo de tal xeito a súa propia personalidade social e integrándose na sociedade.
- Axencias de socialización: todo aquel grupo e contexto social dentro do que se produce a socialización.

▪ Cuestións:

– Páxina 15:

1. As características da natureza humana segundo aparecen no texto son as seguintes:
 - Enorme plasticidade do organismo respecto das forzas ambientais que operan nel.
 - Flexibilidade na constitución biolóxica sometida a unha gran variedade de determinacións socioculturais.
 - Dependencia das formacións socioculturais que el mesmo constrúe.
2. Dada a maleabilidade da natureza propia do humano, esta confórmase a medida que se constrúen as distintas variedades socioculturais nas que desenvolve o seu existir. Como estas as conforma o propio ser humano é lícito dicir que o humano se constrúe a si mesmo.

– Páxina 19:

1. En primeiro lugar, o feito de que todo desenvolvemento individual do organismo está precedido por unha social dada que a precede, a determina e a limita. Por outra parte, a apertura ao mundo é sempre transformada pola orde social nunha relativa clausura ao mundo.
2. Porque do contrario a súa existencia estaría abocada ao caos, sen sentido nin significado.

3. É un produto humano en constante realización a partir da actividade humana creadora e doadora de sentido.

– **Páxina 29:**

1. Para ter a posibilidade de ter control e dominio crítico sobre a propia existencia, non deixándose levar pola corrente do habitual e do que impoñen os demais.
2. Utilizando a razón, establecendo dun modo crítico e autónomo as posibilidades – medios, fins, consecuencias- das miñas accións futuras.

13.2 Unidade 2

▪ **Definicións:**

- Relativismo cultural: posición teórica que afirma que os fenómenos culturais dependen do contexto en que se producen. Na súa versión máis radical sostén que os produtos culturais só poden estar analizados e explicados dentro do marco cultural en que son xerados, non podendo, en consecuencia, ser avaliados dende outro contexto xeral vixente.
- Relativismo ético: modalidade do relativismo cultural que nega a posibilidade de avaliar os valores e códigos morais dunha cultura dende outra diferente. Na práctica implica un escepticismo ético.
- Tolerancia: valor que promove o respecto os outros en tanto depositarios de dignidade ontolóxica intrínseca.
- Lexitimación: explicación e xustificación última que unha sociedade fai dos seus produtos culturais –e polo tanto dos seus valores e normas morais. Adoita presentar algunha destas modalidades: relixiosa, naturalista ou convencional-contractual.
- Naturalismo: tipo de lexitimidade na que a orde moral é explicada como unha existencia directa da orde natural. A natureza considérase como un libro no que o humano descobre e le a orde moral que debe rexer a súa vida.
- Lei natural: norma derivada do tipo de lexitimación naturalista que, por responder a unha orde obxectiva –manifestación dunha instancia externa e superior ao humano-, se considera permanente, inmutable e invariable ao longo do tempo.
- Secularización: proceso comezado na época moderna que erosionou e debilitou o edificio das crenzas relixiosas medievais, proclamando a orde da natureza como única instancia lexitimadora dos códigos morais.
- Ideoloxía: conxunto de crenzas, representacións e ideas que ofrecen unha interpretación deformada e falseadora da realidade e das condicións de vida dos humanos. É elaborada polos grupos dominantes dunha sociedade e mediante eles quedan xustificadas os seus intereses e posicións.
- Etnocentrismo: actitude psicolóxica pola que os suxeitos dunha cultura tenden a xulgar as culturas alleas con criterios da propia. Adoita absolutizar os valores propios e proclamar a súa superioridade.

▪ **Cuestións.**

– **Páxina 40:**

1. Si, soste un relativismo sociolóxico non ten nada que ver cunha doutrina ética, senón que intenta describir soamente as crenzas morais, sen valoralas. O relativismo ético implica, en cambio, valoracións ou máis ben a imposibilidade de realizar tales valoracións sen pertencer ao grupo social que se pretende valorar.

2. Quere dicir que ata que non se leva á práctica unha determinada norma moral non se coñece con exactitude a súa validez ou non; as circunstancias poden facer variar a xustiza ou inxustiza dun determinado valor moral. Relativismo ético.

– **Páxina 45:**

1. Un coñecemento socialmente obxectivo que serve para explicar e xustificar a orde social. Porque o humano necesita comprender para poder aceptar unha norma e para deixar guiarse por ela.
2. Atopamos lexitimacións a distintos niveis:
 - En primeiro lugar, nun nivel preteórico, por afirmacións aceptadas acriticamente.
 - Nun segundo lugar, nun nivel incipientemente teórico, pola forza do costume ou a confianza en certas autoridades.
 - Nun terceiro nivel, a partir de explicacións xustificadas de coñecementos.
 - Finalmente a través dos grandes sistemas de explicación que conforman a estrutura aceptada que integra o corpus do coñecemento.

– **Páxina 49:**

1. A perspectiva *emic* é o enfoque que un membro dunha cultura ten sobre esta mesma, é por tanto subxectiva e racionalizadora. A perspectiva *etic* é o enfoque que un observador estraño realiza dunha cultura que non lle pertence, pretende ser imparcial e obxectiva.
2. Deberían ser complementarias en tanto ofrecen unha visión limitada dunha determinada cultura, podendo enriquecerse mutuamente e ofrecendo unha perspectiva o máis completa posible dun entramado tan complexo como é a cultura.

13.3 Unidade 3

▪ **Definicións:**

- **Ética:** saber reflexivo, argumentativo e crítico que pretende dar razón das preferencias da conduta do ser humano.
- **Feitos:** acontecementos, fenómenos, aquilo que é captable a través da experiencia.
- **Valores:** aquilo abstracto que subxace a un determinado pensamento ou acción e que os fan válidos, preferibles, desexables ou non.
- **Metaética:** aquela parte da ética que se ocupa das condicións que teñen que cumprir os principios éticos para ser considerados como válidos e do método que debe seguir para a súa fundamentación. Tamén se ocupa do significado dos termos éticos.
- **Falacia naturalista:** erro lóxico consistente en derivar conclusións de tipo ético (sobre o deber ser) a partir de enunciados sobre propiedades naturais (sobre o que é).
- **Emotivismo moral:** teoría ética que considera que os principios morais son expresión de sentimentos e emocións, e exclúe a posibilidade de ningún criterio racional para establecer a súa validez.
- **Prescripción:** norma de carácter ético ou xurídico que recomenda máis que obriga seguir unha determinada conduta.
- **Razón práctica:** función da razón orientada a establecer como debemos actuar.
- **Racionalidade instrumental:** tipo de uso da razón orientado á consecución de bens materiais, ben para o seu uso ben para o seu comercio.

- Emancipación: proceso de liberación de toda dependencia que impida aos individuos ser donos do seu destino.
- **Cuestións:**
 - **Páxina 65:**
 1. De proporcionar unha base teórica que sirva para deducir normas de comportamento adecuadas e desexables.
 2. Si, de feito é normal que así suceda tendo en conta a cantidade de variacións morais que se dan entre as diferentes culturas. A ética pretende ser un saber universalizable e xeneralizable a toda cultura.
 - **Páxina 69:**
 1. Manifestan preferencias, desexos, emocións, en definitiva, sentimentos morais case sempre particulares.
 2. Porque un enunciado ético non ten información factual, é dicir, correlativa a feitos obxectivables; ofrece só unha posición subxectiva de preferencia e sentimental sobre un feito, e isto non pode ser considerado verdadeiro ou falso.
 - **Páxina 71:**
 1. Que dado o carácter preferencial da ética centrada no que debería ser máis que no que de feito é, está suscitando situacións ideais e desexables máis se cabe utópicas no reino dos feitos efectivos.
 2. O feito de ter en conta a idealidade intrínseca a toda consideración de carácter ético, que non ten por que deixarse contaminar pola realidade efectiva dos feitos.
 3. Si, de feito a falacia naturalista consiste en confundir o plano do deber ser co plano do ser, producíndose así un salto ilexítimo entre ambas esferas que teñen que estar separadas.
 - **Páxina 76:**
 1. No feito de valorar tan só unha racionalidade de tipo teórico que se cegase en considerar como válido e desexable aquilo que tivese unha repercusión instrumental constrastable, ben porque serve materialmente para algo, ben porque se consegue algún beneficio material con ese algo. Trátase dunha racionalidade centrada no mercantil, que deixa de lado o mundo máis profundamente humano.
 2. Quere dicir que unha racionalidade centrada no seu uso científico-técnico pode descoidar aspectos fundamentais da existencia humana, que, ao deixarse de lado, converten o ser humano nunha especie de máquina teledirixida sen autonomía nin capacidade autónoma crítica.

13.4 Unidade 4

- **Definicións:**
 - Autonomía: capacidade dun suxeito para dotarse a un mesmo das normas ou pautas que van a guiar o propio comportamento dun xeito libre.
 - Heteronomía: tipo de comportamento guiado ou dirixido por unha forza allea ao propio suxeito.
 - Mecanismo de defensa: na psicanálise, proceso psicolóxico inconsciente, por medio do cal o suxeito se defende da ansiedade e da perturbación que lle produciría unha conciencia clara das súas verdadeiras motivacións, desexos, etc.

- Reforzo: estímulo que segue a unha conduta aumentando ou diminuindo a posibilidade de que esta se repita.
 - Condutismo: corrente psicolóxica que considera que toda conduta humana é explicable en función de estímulos observables ambientais, eliminando así da psicoloxía os elementos inobservables.
 - Empatía: capacidade que ten unha persoa para poñerse no lugar da outra, intentando pensar, sentir e comprender de xeito parello a outro humano.
 - Reversibilidade: capacidade para reconstruír inversamente un proceso. Para Piaget esta é a característica esencial de toda operación lóxica.
 - Pensamento lóxico concreto: segundo Piaget, o pensamento infantil comprendido entre os 7 e os 11 anos desenvolve operacións lóxicas pero estas soamente son realizadas sobre obxectos ou realidades concretas ligadas á percepción.
 - Universalismo: característica dun principio ou argumentación racional en virtude da cal resulta aceptable para todos.
 - Formalismo: característica dun principio ou argumentación racional consistente en prescindir de todo contido concreto.
- **Cuestións:**
- **Páxina 85:**
 1. En primeiro lugar, por moral enténdese un conxunto de valores e regras de acción que son propostas aos individuos e aos grupos a través de aparatos prescriptivos diversos, como a familia, as institucións educativas... aínda que moitas veces danse dun xeito confuso e difuso. Así mesmo, enténdese por moral o comportamento real dos individuos en relación coas regras e valores que lles son propostos. Finalmente, tamén se entende por moral a maneira segundo a cal debe un constituírse como suxeito para poder ser un ser autónomo.
 2. O feito de ter desenrolada a racionalidade moral de xeito suficiente para poder, dunha maneira autónoma e crítica, darse a si mesmo normas de actuación e pensamento.
 - **Páxina 88:**
 1. Na capacidade de darse a un mesmo fins desexables para obter unha vida plena. Non obstante hai que ser conscientes da gran dificultade que iso entraña: moitas veces pénsase que o que de feito se quere é froito da autonomía moral, máis tales preferencias agochan outra realidade: quérese o que a sociedade quere que se queira.
 2. Porque é moi difícil ser conscientes da influencia que exerce sobre nós a cultura da sociedade na que desenvolvemos a nosa existencia, por iso é tan importante consolidar un tipo de pensamento crítico.
 - **Páxina 89 (Freud).**
 1. Representa a relación do “eu” cos proxenitores, que en último termo son os representantes da cultura a cal un pertence.
 2. Orixínase ao recoñecer a autoridade paterna reprimindo os desexos particulares propios. Dáse na infancia.
 - **Páxina 101:**
 1. A ética axúdanos a comprender como debe determinarse en casos concretos a acción moralmente pertinente. Presupón que o que actúa sabe o suficiente acerca da situación en que se atopa, e ten unha idea da situación a cal aspira.
 2. Si, porque o importante da ética segundo o formalismo é atopar un procedemento válido para calquera situación en calquera contexto; unha norma, imperativo categórico

que che di como se ten que proceder. Dende tal perspectiva as éticas formais contra-
póñense ás materiais.

13.5 Unidade 5

▪ **Definicións:**

- Racionalización: mecanismo psicolóxico inconsciente polo cal o suxeito intenta dar unha explicación coherente e lóxica no plano intelectual dunha situación, actitude ou conduta, protexéndose deste xeito fronte á ansiedade e perturbación que levaría consigo a toma de conciencia do seu verdadeiro significado e motivos.
- Ideoloxía: ver tema 2.
- Sintáctica: dise das regras constitutivas da estrutura formal da linguaxe. As regras sintácticas definen as relacións dos compoñentes da linguaxe entre si.
- Semántica: dise das relacións existentes entre signos dunha linguaxe e o seu significado.
- Pragmática: dise das relacións dos signos cos usuarios deles.
- Procedemento: mecanismo de decisión regularizado e supostamente obxectivo aplicable a calquera situación ou contexto.
- Ética mínima: conxunto de principios éticos básicos esixibles universalmente.

▪ **Cuestións:**

– **Páxina 110 (Camps).**

1. Porque de feito é practicamente imposible que unha persoa sexa absolutamente imparcial, dado que existen multitude de condicionantes persoais que aínda de xeito inconsciente poden influír na toma de decisión respecto a un criterio de elección determinado.
2. Porque é o único xeito de aproximarse á igualdade de condicións e aplicabilidade xeral das normas para todo ser humano independentemente das circunstancias. Pretende ser un procedemento obxectivo e absolutizable.

– **Páxina 115 (Habermas).**

1. A partir do proceso de socialización, adquirindo por aprendizaxe social, dependente da linguaxe, pautas de comportamento e pensamento propias da cultura a cal cada individuo pertence.
2. Un papel fundamental, dado que en último termo a gran maioría de información cultural que o individuo recibe para conformar a súa identidade depende e dáse a partir da adquisición da linguaxe, coa que se pode captar, ordenar e comprender a realidade.

– **Páxina 118 (Habermas).**

1. Presuponse que:
 - Todo suxeito capaz de falar e de actuar pode participar na discusión.
 - Todos poden introducir calquera información no discurso.
 - Todos poden manifestar os seus desexos, posicións e necesidades.
 - A ningún falante se lle pode impedir o uso dos seus dereitos recoñecidos anteriormente por medios coactivos orixinados no exterior ou no interior no discurso.
2. Porque quen nos os acepte incorrerá en contradicións, polo que son obxectivos e por iso non convencionais.

– **Páxina 121 (Apel).**

1. O ámbito adecuado da ética remite ao plano deontolóxico, é dicir, o plano da pre-

gunta polo obrigadamente debido para todos, deixando un pouco máis de lado, máis para un plano individual de cada individuo, cales son os fins que pretende alcanzar na súa particular existencia.

2. Non necesariamente, mais se deixa a discreción particular de cada individuo.

13.6 Unidade 6

▪ Definicións:

- (Éticas) Non cognitivistas: son aquelas teorías éticas que negan a posibilidade dun verdadeiro coñecemento ético.
- (Éticas) Cognitivistas: son aquelas teorías éticas que afirman a posibilidade de argumentación racional nas cuestións morais, e, en consecuencia, a posibilidade dun auténtico coñecemento ético.
- Ética material: refírese a aquela teoría ética que especifica e concreta que é aquilo que hai que facer para actuar correctamente.
- Ética formal: refírese a aquela teoría ética que enuncia soamente a maneira ou forma como se debe proceder para actuar ben. Tamén son chamadas éticas procedementais.
- Ética teleolóxica: aquela teoría ética que considera que a acción humana está orientada á consecución dalgún fin, que debe ser ademais concretado, especificándose o xeito de como conquistalo.
- Ética deontolóxica: refírese a aquela teoría ética que se limita a establecer principios e criterios formais e procedementais que garantan a corrección ou validez universal de calquera norma ou decisión moral.
- Imperturbabilidade: obxectivo a alcanzar dende a perspectiva da ética estoica, consistindo nun estado de felicidade propiciado polo pleno dominio das emocións que permite acatar gozosamente a orde do destino.
- Lei eterna: trátase, dende a perspectiva da ética tomista, da lei coa que Deus goberna o universo, orde transcendente e universal.

▪ Cuestións:

– Páxina 130 (Tugendhat).

1. A ética antiga pregunta polo *agathon*, polo *bonum*, aquilo que en cada caso é bo para o individuo, o seu ben, aquilo co cal o seu querer pode satisfacer plenamente a felicidade. Polo contrario, o obxecto da ética moderna refírese a normas intersubxectivas. Preguntan máis ben por aquilo que quero para o outro.
2. Non ten por que; a preocupación polo adecuado dende unha perspectiva individualista pode traer aparelado un interese polos demais, sempre e cando un sexa capaz de poñerse límites ao seu propio desexo.

– Páxina 133 (Aristóteles).

1. A felicidade perfecta reside na vida conforme á virtude, e esta depende do coñecemento da auténtica realidade das cousas; é a vida contemplativa, o ser a única que refire o que caracteriza o auténtico ser do humano, a única que permite alcanzar entón a auténtica felicidade.
2. Porque se refiren ás accións cotiás coas que o humano desenvolve na súa existencia, por iso deben de ser potenciadas ao ser as máis próximas ao que nos é máis habitual.

– Páxina 138:

1. É a facultade que lle permite ao humano participar dalgunha maneira da lei eterna; de tal xeito este pode adecuar a súa conduta ao que dita aquela, que é o mesmo que chegar a súa natureza á maior perfección posible segundo Santo Tomé, Deus.
2. Consiste na beatitude que consiste nunha unión con Deus a través do coñecemento e participación na lei eterna, e na conformación das accións a ela.

– **Páxina 140 (Tugendhat):**

1. O obxecto da ética antiga era alcanzar o fermoso e o bo; así, dende tal perspectiva, só cando o ser humano se comporta moralmente, satisfai o seu propio interese, para o cal é esencial unha firme distinción entre o interese propio aparente e o verdadeiro.
2. Decídena o feito de alcanzar ou non un pleno desenvolvemento das capacidades propias. Non obstante, para que de feito iso ocorra, débese buscar un criterio obxectivo que o permita, deixando de lado o superficial e innecesario para atopar o esencial e verdadeiramente necesario.

13.7 Unidade 7

▪ **Definicións:**

- Imperativo moral: norma de carácter particular ou absoluto que prescribe un tipo de comportamento humano que se considera adecuado ou desexable dende unha perspectiva moral.
- Imperativo categórico: mandato ou norma de validez absoluta e incondicional que se corresponde co deber.
- Hedonismo: teoría ética que identifica o ben moral co pracer.
- Xustiza: concepto polisémico frecuentemente sobrecargado de significación. Dende un punto de vista ético sintetiza o ideal dunhas relacións intersubxectivas rexidas por un deber ser universal, imparcial e equitativo. A determinación e concreción dese deber ser deu lugar ao longo da historia a diferentes teorías da xustiza.
- Utilitarismo: teoría ética que considera a utilidade como principio máximo da felicidade, sendo a “utilidade” aquilo que produce beneficio, vantaxe, pracer ou felicidade.
- Existencialismo: corrente de pensamento contemporáneo xurdido en Europa no século XX, que defende, no que refire á ética, que dado que no humano a existencia precede á esencia, este tense que ir facendo, por ser constitutivamente libre; así, as decisións que adopta en base ás opcións de que dispón o fan ou ben bo ou ben malo.
- Esencia: conxunto e características que fan a cada cousa ser o que é. É inmutable, permanente, obxectivable e obxectiva.
- Neocontractualismo: dende unha perspectiva ética é todo aquel pensamento que defende que para adoptar que normas son desexables e cales non é necesario chegar a un acordo intersubxectivo que debe ir precedido dun procedemento válido de decisión.
- Veo de ignorancia: situación hipotética suscitada por John Rawls na cal se propón unha situación de descoñecemento da situación particular de cada individuo na orde social para dirimir un criterio obxectivo que se considere xusto, equitativo e igualitario.
- Éticas formais: teorías éticas que non asignan contido ás normas e deberes morais; simplemente propoñen como ten que establecerse unha norma de conduta para ser moralmente boa e que procedementos teñen que guiar a toma de decisións morais.

▪ **Cuestións:**

– **Páxina 148 (Kant):**

1. Porque o imperativo categórico se impón á conduta sen poñer ningunha condición ou propósito alcanzable que non sexa actuar polo mero deber, sen buscar beneficio propio ou particular. Débese actuar conforme ao ditado do imperativo categórico porque é unha norma formal, procedemental, ríxida e obxectiva que nos vale para calquera situación en calquera contexto. O imperativo hipotético, en cambio, atende outras motivacións que van máis alá do deber polo que non é universalizable nin válido para toda situación.
2. Polo deber sen dúbida, porque de feito a felicidade propia só se dá cando un respecta aquilo que ten que facer. Ese é para Kant o único camiño que determina a liberdade e a racionalidade humanas.

– **Páxina 154:**

1. Dun tipo de moralidade fundada no resentimento, no odio cara a aqueles homes que son capaces de elevarse e enfrontarse ante a vida dándolle un si absoluto. Iso implica aceptar todo o que ten de terrible, a morte do carnal, a temporalidade finita do material, o apego aos desexos contraditorios do corpo; pero ademais implica pretender alcanzar todo o que de elevado ten o humano, que, a xuízo de Nietzsche, lle esixe unha loita agonística por alcanzar as mellores calidades. En cambio, a moralidade occidental defende que o adecuado é a procura dunha vida futura situada nun trasmundo transcendental ao que só se pode chegar a través da renuncia aos impulsos máis elevados do humano, para converterse nun ser feble, sometido, dócil, pacífico, que son para Nietzsche características propias dun ser enfermo.
2. Críticalle que o imperativo categórico sexa unha idea fundada no metafísico, no xeral, no absoluto, válido para todos en todo momento. Este feito converte o humano en algo sometido ao propio imperativo, e iso non é aceptable dende a perspectiva nietzscheana, que defende en cambio que cada ser humano se dote a si mesmo do código moral que vai rexer a súa existencia; de tal xeito só un humano creador de si será un espírito libre.

– **Páxina 158:**

1. Engádelle o feito de situar a todos nun mesmo plano de elección, porque somos conscientes de que o lugar que cada un ocupe na escala social pode influírle na súa toma de decisións respecto aos acordos a adoptar e que estaría disposto a aceptar. De tal xeito elimínase esa precondition para poder elixir baseándose só nun criterio estritamente racional.
2. O último parágrafo que situamos na liña 11 (“Dado que todos están situados...”) ata o final do texto é moi representativo dunha posición neokantiana.

13.8 Unidade 8

▪ **Definicións:**

- Debilidade cognitiva: marxe de incerteza e falibilidade da racionalidade moral á hora de concretar e aplicar os principios éticos de carácter xeral ás situacións reais.
- Debilidade motivacional: fragilidade das motivacións morais fronte a outro tipo de motivos que condicionan a conduta dos individuos.
- Validez xurídica: aceptabilidade dunha lei dende un punto de vista formal, por estar establecida conforme aos procedementos e requisitos asentados en leis de rango superior, á súa vez válidas.

- Dereito natural: orde moral, suprahistórica, universal e inmutable, previa ás convenções humanas (e polo tanto, ao dereito positivo). Na concepción medieval cristiá, o seu fundamento é a natureza teleoloxicamente ordenada por Deus; na súa versión moderna, o fundamento é a natureza racional do ser humano
 - Iusnaturalismo: teoría que afirma a existencia dun dereito natural que constituiría o fundamento e lexitimación do dereito positivo.
 - Iuspositivismo: teoría que rexeita a existencia dun dereito natural e afirma que o único dereito é o dereito positivo vixente.
 - Constitución: conxunto de leis básicas que rexen un país, aprobadas por votación. Tales leis indican a forma de goberno, os dereitos e os deberes da cidadanía e o funcionamento xeral do Estado.
 - Lexitimidade: aceptabilidade dunha lei dende un punto de vista ético, por ser o seu contido acorde cos principios éticos da xustiza.
 - Normas primarias: leis que regulan a conduta dos individuos en distintas situacións.
 - Normas secundarias: leis que establecen e definen os procedementos e requisitos que dan validez ás outras normas, tanto na súa elaboración como na súa aplicación.
- **Cuestións:**
- **Páxina 169:**
 1. A principal razón é a debilidade da racionalidade moral, xa que esta non garante a infalibilidade, a univocidade e a obtención dos resultados, trazos todos eles necesarios para a conformación da estabilidade social no que refire ás normas das que esta depende. Ademais, a indeterminación cognitiva tamén se mostra no feito de que sexa necesario formalizar e positivizar leis que regulen situacións abstractas e complexas que teñan que ser convenientemente delimitadas polo marco procedemental que ofrece o dereito.
 2. Si, porque, entre outros obxectivos, a moralidade pretende o equilibrio social que permite a solución de conflitos. Non obstante, manéxanse mellor funcionalmente dende unha regulación unívoca fixada que sexa vinculante para todos, e que garanta a igualdade de todos ante a lei.
 - **Páxina 176 (Díaz).**
 1. Servía como mecanismo de lexitimación das leis coas que se regulaba o funcionamento da sociedade.
 2. Debido á integración dos dereitos naturais e das liberdades públicas e civís no dereito constitucional moderno. De tal xeito a lexitimidade iusnaturalista xa non se considera necesaria nin funcional, mostrándose o dereito positivo como xustificado en si mesmo, sen necesitar doutro tipo de lexitimacións externas.
 - **Páxina 179 (Nino).**
 1. A moral ofrécelle ás normas xurídicas mecanismos de lexitimación que convezan a cidadanía da obriga de cumprir as normas xurídicas.
 2. A relación móstrase no feito de que, se un goberno aparece como moralmente lexítimo, é racional considerar que os ditados legais de tal goberno tamén serán lexítimos moralmente falando, por iso será aceptable cumprir as normas que quedaron adecuadamente lexitimadas.

13.9 Unidade 9

- **Definicións:**

- Antigo réxime: modelo sociopolítico caracterizado por un tipo de sociedade feudal que deriva nas monarquías absolutistas europeas.
 - Cidadán: humano pertencente a un determinado modelo político no que se lle recoñecen certos dereitos que o Estado ten que garantir.
 - Estado democrático de dereito: tipo de Estado no que a cidadanía desempeña a soberanía, ten garantidos certos dereitos e no que se supón que todos son iguais ante a lei, que é a que regula as relacións sociais.
 - Isonomía: termo grego que significa igualdade ante a lei de todos os cidadáns.
 - Isegoría: termo grego que expresa o dereito de todos os cidadáns a falar na asemblea.
 - Democracia: termo que designa non só un sistema político, senón tamén unha forma de vida social. Consiste basicamente no recoñecemento mutuo dos outros como individuos autónomos, soberanos e iguais; dotados, polo tanto, de capacidade autolexisladora e de autogoberno. Tal recoñecemento implica o dereito a participar nas deliberacións e na toma de decisións dos asuntos comúns. As diversas formas e mecanismos que articulan o exercicio destes dereitos dan lugar a diferentes modalidades e fórmulas democráticas.
 - Elitismo: característica de certos sistemas políticos no que un determinado tipo de cidadán, normalmente pertencente a unha clase social adifneirada, ten privilexios dalgún tipo sobre o resto da cidadanía.
 - Democracia participativa: concepción que entende a democracia non só como un mecanismo de distribución e exercicio do poder político, senón tamén como unha forma de vida, social e moralmente valiosa, en canto que permite o desenvolvemento da autonomía, da liberdade e da solidariedade dos individuos.
- **Cuestións:**
- **Páxina 187:**
 1. Consiste no feito de distribuír as principais atribucións organizativas do Estado a diferentes institucións, de tal xeito que se poida administrar e regular o mecanismo estatal dun xeito plural e heteroxéneo. Así establece os tres poderes que aínda hoxe constitúen os Estados contemporáneos: o lexislativo (parlamento), o executivo (goberno) e o xudicial (maxistratura).
 2. Polo feito de que, se non se dividen, se corre o perigo de que se produza unha acumulación excesiva de poder, que pode provocar arbitrariedades, excesos, descontrol e desgoberno, xa que non existiría límite ás atribucións do gobernante.
 - **Páxina 190 (Cortina).**
 1. O carácter autolexislador dos individuos, que todos podamos darnos a nós mesmos as leis con que nos rexemos socialmente, e o mecanismo dialóxico que se esixe para que todos teñan a oportunidade de participar en igualdade de condicións na toma de decisións.
 2. En aceptar que todos estamos lexitimados para participar na organización da cousa pública, polo que as leis deberán ser elixidas dialóxicamente e conxuntamente entre a totalidade da poboación.
 - **Páxina 193 (Singer).**
 1. O feito de que ninguén na democracia ten un maior poder que outro, polo que todos poden elixir e decidir, en principio, en igualdade de condicións.
 2. As alternativas serían: o sufraxio meritocrático, que concedese un voto extra aos máis intelixentes ou mellor educados –que ten o problema do criterio de decisión para dis-

cernir quen de feito o serían; ou ben o criterio de decisión pola forza, que non ten ningún tipo de lexitimidade dende un punto de vista racional.

3. Non se trata de que se poida ou non equivocarse, pero si que debe ter máis peso a opción elixida por unha maioría, aínda que sempre se debe procurar un equilibrio coas minorías, porque do contrario se producirían, entre outras consecuencias, exclusión e conflictividade social.

– **Páxina 199.**

1. Un primeiro é o interese por esixencias, o cal sostén que os intereses políticos dun cidadán se satisfán cando o seu axente consegue cumprir coas súas esixencias. O outro refírese ao interese non de acadar benestar material, poder ou status, senón de obter satisfacción e o desenvolvemento persoal que brinda a participación activa no proceso político; o interese concibido en función dos medios e non dos fins políticos.
2. Considera Bachrach que tal modelo favorece un tipo de cidadán acomodaticio nas elites, ao asegurarse grandes resultados co mínimo esforzo. Ademais, négalle a posibilidade de mostrarse como unha persoa digna, que acepta o proceso de participación político no gran xogo da democracia.

13.10 Unidade 10

▪ **Definicións:**

- Obrigatoriedade moral: suposta lexitimidade que adquire unha norma ao recoñecerse como desexable e adecuada emotiva ou racionalmente dende unha perspectiva moral.
- Desobediencia civil: incumprimento pacífico (sen recurso á violencia) e público dunha lei coa pretensión de que sexa revisada por considerala inxusta.
- Regra das maiorías: aceptación da vontade xeral lexitimada normalmente a través dun procedemento de carácter democrático.
- Obxección de conciencia: desobediencia a unha lei por conviccións morais.
- Ética da convicción: ética que basea o deber moral en principios absolutos e incondicionados, prescindindo das consecuencias resultantes.
- Ética da responsabilidade: ética que ten en conta as circunstancias coas que se atopa o suxeito moral á hora de actuar e considera que é preciso ter en conta as consecuencias derivables da decisión tomada (e responsabilizarse delas); non só os principios abstractos.

▪ **Cuestións:**

– **Páxina 208:**

1. Xustifícase cando unha longa serie de abusos e usurpacións demostra a vontade de someter o pobo a un despotismo absoluto, podendo este, e debendo, derrocar a tal goberno e establecer garantías para a súa futura seguridade.
2. O feito de ser despótico, que se concreta en que non permite a articulación dunha oposición pacífica, restrinxe ou impide a liberdade de expresión e, en xeral, coarta o exercicio dos demais dereitos fundamentais e liberdades públicas.

– **Páxina 209:**

1. A violencia é intrinsecamente mala, sendo expresión dun mal existente e sendo xeradora de mal, de modo que os contextos e as consecuencias non poden facela boa, a violencia é sempre indesexable, indigna de ser desexada. Agora ben, parece coherente a posición de

quen non se pecha a considerar que en ocasións a violencia pode estar xustificada e que son os afectados pola historia os que responsablemente teñen que decidir.

2. No caso de grupos sociais, ou mesmo individuos, que están sometidos e oprimidos á súa vez por unha situación de violencia, e que poderían revertir a súa situación empregándoa como lexítimo método de recuperación da súa propia liberdade.

– **Páxina 213:**

1. O feito de que sexa representativo dun acordo xusto para os individuos que conforman a sociedade; é lícito esperar ademais que o seu funcionamento sexa tamén xusto.

2. Cando de feito non funciona con xustiza, converténdose nun elemento de influencia por parte duns cantos elementos que se aproveitan en beneficio propio do sistema.

– **Páxina 216 (texto de Muguerza).**

1. En primeiro lugar, ningún acordo democrático podería lexitimar que un humano se vexa desposuído da súa condición humana; ademais, tampouco se lexitimaría un que negara a conciencia individual de cada cidadán.

2. Porque todo sistema moral e xurídico debe respectar como principio irrenunciabile o feito de non atentar contra a condición humana; de non facelo, convértese nun principio ético o feito de intentar desbotalo.

13.11 Unidade 11

▪ **Definicións:**

– Dereito: conxunto de normas positivizadas nun marco xurídico que concretan os comportamentos validados para permitir a convivencia nunha determinada comunidade. Noutro acepción, pode referirse ás esixencias dun cidadán perante o Estado que este debe respectar pois lle son atribuídas polo marco normativo concretado a nivel xurídico.

– Dereito humano: esixencias éticas básicas e inherentes a todo ser humano.

– Dignidade: atributo exclusivo de todo ser humano que fai que esta mereza respecto independentemente da súa condición ou caracterización particular.

– Autonomía: capacidade de ser independente respecto a múltiples aspectos. No marco democrático enténdese a posibilidade de todo ser humano de ter un pensamento crítico propio e independente e a posibilidade de expresalo libremente.

– Dereitos humanos de primeira xeración: dereitos relativos ás liberdades individuais.

– Dereitos humanos de segunda xeración: dereitos de carácter económico, social e cultural.

– Dereitos humanos de terceira xeración: dereitos dos pobos e dos colectivos discriminados.

▪ **Realice as seguintes actividades:**

– **Páxina 224:**

1. Refírese aos ámbitos ético e xurídico. O ámbito ético vai dirixido á xustificación ou fundamentación moral, ás esixencias históricas derivadas de algo abstracto, tomado en xeral, pero á vez tan obxectivable, en cada caso concreto como é a idea de dignidade humana; a autonomía, seguridade, liberdade e igualdade como posibilidades dun desenvolvemento adecuado desa idea de dignidade, universal a todos os seres humanos. Por outra banda, tales dereitos albergan a pretensión de verse incorporados ao ordenamento xurídico internacional e nacional, é dicir, paralelamente, como dereitos xurídicos.

2. En tres situacións: a) Poden ser esixencias morais aínda non recoñecidas xuridicamente pero con fortes razóns que fan desexable a súa positivización. B) Poden estar recoñecidos xuridicamente pero cun recoñecemento insuficiente para posibilitar o seu exercicio. C) Poden estar recoñecidos xuridicamente e contar con garantías xerais e particulares suficientes para o seu efectivo exercicio.

– **Páxina 242:**

1. A ONU non pode cumprir cos requirimentos propostos na Declaración ao non ter poderes supranacionais que obriguen as nacións que a compoñen a respectar os dereitos humanos.

2. Pídese que se estuden os mecanismos que poden modificar o artigo que limita o poder a nivel supranacional da ONU para conseguir unha efectiva limitación da soberanía de cada Estado, para garantir a paz, a protección das minorías, a seguridade internacional, o desenvolvemento mundial e o respecto aos dereitos do home.

– **Páxina 243 (texto de Russell).**

1. É unha condición imprescindible fomentar e respectar o amor ao próximo e desexar a súa felicidade. A sociedade humana debe funcionar como un todo no que todos esteamos perfectamente integrados.

2. Proponse a limitación da soberanía nacional para que cada Estado non actúe por libre sobre dereitos que son inherentes á condición humana, independentemente do Estado ao que se pertenza.

– **Páxina 243 (texto de Savater).**

1. Trátase dunha necesidade política, porque de conseguilo, ademais de situar a carta dos dereitos humanos como parte integrante imprescindible da súa constitución, eliminaríanse os Estados particulares como fonte de guerras e conflitos, articulados todos nunha administración global común.

2. Porque de feito o seu aprazamento, ou mesmo a negación da posibilidade de desenvolvemento de tal idea, pode ter como unha das razóns máis relevantes o interese particular de certas elites que obteñen da súa situación privilexios cos que se obteñen mellores condicións de vida, víndose minguadas as súas posibilidades cun sistema que defendera un igualitarismo planetario global, concretado nunha administración común como a súa base primordial de funcionamento.